

Teatro

A rabia é o instante de máxima sinceridade do ser humano

Santiago CORTEGOSO

Eu non estou á cola.
Que pasa? Non me miredes así, ovellas.
Que non. Que non espero.
Eu non fago cola. Non collo número. Non estou atento á pantalla a ver cando me toca.
Por que me mirades así?
Levo esta pinta para alardear da miña independencia. Para ostentar de liberdade.
Para non confundirme con vós.
Para non ser un máis.
Por iso non me poño na fileira. Non respecto a vosa orde.
Non vou no rabaño.
Non quero ser coma vós.
Meeeeeee!
Non quero camiñar ó mesmo paso ca vós.
Non quero mirar o que mirades vós nin escoitar o que escoitades vós.
Prefiro ser cego e xordo.
Teño semellante empacho de merda que me entra cada día polos ollos e polas orellas que me dan ganas de enterrarme vivo.
Que hostia teño que facer para non aturarvos?
Teño que cerrarme, cerrarme con sete chaves, cerrarme con ansia, cerrarme para ser libre, volverme impermeable para que a vosa contaminación humana esvare pola superficie dos meus sentidos e non me penetre.
Teño que construír unha barreira entre a miña pel e as vosas estruturas.
Tedes todo organizado, ordenado, cuadrulado, estipulado.
Estádesvos europeizando e estádesvos volvendovos imbeciles.
Seguro que tomades té ás cinco da tarde co dedo maimiño levantado.
Milleiros de cabezas marcadas a fogo e con control de calidade.
Cabezas cuadradas.
Cabezas católicas.
Cabezas cuadrocatólicas.
As cousas son boas ou malas. Brancas ou negras. Traballar é branco. O paro é negro. Os fillos son brancos. Foder é negro. Queredes traballar coma negros para gañar cartos brancos.

Pero non pasades de facer cola cun ridículo número escrito nun papeliño amarelo. Coma gando para o matadoiro.
Meeeeeeee!
E aínda habedes dicir que o raro son eu.
Eu non fago cola, estúpidos.
Eu non quero traballar.
Eu non espero a quenda para chegar ó mostrador.
Ti, eh, ti. Ti, si, a gordiña. Por que ris?
Ti debes de pensar que por estar ó outro lado do mostrador es moi especial e moi diferente ós demais, non si?
Non, non pares. Gústame que rías. Gústame que se che pechen os ollos con ese sorriso. Mírame.
Vós, non. Quedade quietiños gardando o sitio na cola. Mirade para a pantallíña.
Seguide empapando o ambiente coa vosa negrura.
Ti, si. Ti podes mirarme. Ri, veña. Gustábanme eses chíos de galiña que estabas dando.
Mírame. Que me mires, hostia! Como non ris agora?
Quita esa cara de susto. Non es feliz nese lado do sistema no que non hai colas?
Gústame que non teñas complexos, que poñas esa saia curta con esas pernas gordas, que presumas de escote con esas tetas gordas.
Tes o mellor dos corpos posibles.
Quieta! A onde queres ir? O teu traballo é atenderme.
Mírame.
E ri. Non te asustes que me desarmas.
Xa me gustabas cando rías, pero se choras ábresme o corazón. Fasmepasar á acción e éntranme ganas de cambiar o mundo.
Ti e mais eu merecemos algo mellor.
Non queres que fagamos a revolución os dous xuntos?
Se me segues a mirar con esa cara de modelo de anuncios de mulleres maltratadas, son quen de deixalo todo para fuxir ao monte e tomar as armas.
Tranquila!

Se me deixas desabrocharche a blusa, convérteme no Che Guevara.

Se me deixas pasarche os dedos polos pezóns, podemos acabar coa tiranía das grandes multinacionais.

Se sentes os meus beizos baixar polo teu ventre, instauramos a dictadura do proletariado.

Cala a boca, hostia!

Só ri. Imos rir xuntos. Pensa globalmente, actúa localmente.

Engurra o fociño agora e pon ollos de chinesa. Abre esa cara de porquiña.

Para acabar coa globalización, localízate a ti mesma.

Localiza o importante da túa vida.

Localiza o papel que cumprimos cada un neste contexto.

Localiza en que parte do meu corpo podes atopar o respecto ós teus dereitos e liberdades.

Imoslles dar ás cousas a importancia que merecen.

Imos ter a intelixencia suficiente para delimitar o que podemos aspirar a cambiar.

O que nos interesa cambiar.

Cambiar os demais? Cambiar o F.M.I.? O Banco Mundial?

A revolución é un asunto privado.

Eu, cando penso na revolución, penso en cus coma este teu.

A loita está entre as túas pernas.

O sistema pode caer coa mesma delicadeza coa que caen as túas bragas ó chan.

A xustiza social é húmida e quente coma unha vinganza.

As reformas son suorentas se se fan ben.

Espidos enriba deste mostrador relucente, imoslle dar a volta á historia.

Imos facer a nosa toma da Bastilla diante dun fato de imbéciles ollos bovinos, vacúns e lanares.

Meeeeeeeeee!

Meeeeeeeeeeeeeeeeee!

Pausa.

Non chores, gordiña.

Por favor.

Véxoche unha pregunta nos ollos, que me miran como buscando unha explicación e dándome as grazas ao mesmo tempo.

A resposta é:

que nos necesitamos, corazón.

Eu, aínda que me notes a respiración axitada, xa estou máis tranquilo. A túa cálida atención deixoulle a rabia enganada nalgún rincón do cerebro. O corpo aplacado.

Ti cumpriches co teu deber de servizo público como boa funcionaria que es. Sempre dixeran que a xestión privada non ten por que ser máis pracenteira.

Tomaches as medidas oportunas, co grao de humidade xusto. Viñeches ao meu rescate, segundo un tenro plan de estabilidade.

Grazas á precariedade do mercado laboral, entramos en confluencia nun acto inaprensible para as estadísticas pero precioso para nós os dous.

Mesmo sentín amor por un intre.

E ti tamén, non o podes negar.

Iso é o que me axuda a resistir, a permanecer na loita, co compromiso intacto, a emoción sincera, os ideais firmes contra o poder establecido, a indignación esperta contra este capitalismo que nos asoballa.

Pausa.

Adeus, gordiña.

Déixoche o meu curriculum como unha mostra de tolerancia entre os seres humanos.

E para que rías, para que non deixes nunca de rir.

Pero se sae algunha oferta de traballo, non se che ocorra chamarme.

Non vou enganchar o xugo para unirme a esta manda de reses asalariadas.

Hala, bonitos e bonitas, que pase o seguinte.

E deixade de mirarme!

Meeeeeeeeee!

Marzo 2011